



Dryopteris filix-mas L.

 Fento macho

O **fento macho** ou **fieito macho** (*Dryopteris filix-mas*, L.) é un dos máis comúns feitos da familia Dryopteridaceae.



Distribución e hábitat

É natural do Hemisferio Norte amornado, de Europa, Asia e América do Norte. Medra mellor en áreas sombreadas, e é particularmente común nas fragas. É moito menos abundante en América do Norte que en Europa.

Chámaselle "macho" en diferenza co máis delicado "fieito femia" *Athyrium filix-femina*

Descrición

Posúe un rizoma grosso, confundíndose coa raíz, e dá orixe a frondes pecioladas, primeiro enroladas e cubertas de escamas castañas. As follas teñen un hábito de crecemento ascendente, acada unha lonxitude máxima de 15 dm, cunha soa coroa en cada pé de raíz. Son bipinnuladas, con 20-35 pínnulas de cada lado do raque. As pínnulas son algo romas, e lobuladas iguais en todo o seu contorno. Os culmos cóbreense con escamas alaranxadas. Na cara abaxial das láminas maduras desenvólvense en dúas filas 5 a 6 soros. Cando as esporas maduran en agosto a novembro, o indusio comeza a secarse, axudando na dispersión das esporas.

Esta especie fai híbridos doadamente con *Dryopteris affinis* (fieito macho escamoso) e con *Dryopteris oreades* (fieito do monte).

Cultivo e usos

A raíz era empregada até hai pouco para expulsar estodas. E antes se referenciaba en antigas literaturas como **fieito dos vermes**. Tamén medra como fieito ornamental en xardíns.

É unha das herbas máxicas de San Xoán. Por iso din que a noite de San Xoán bota flor; xustamente á medianoite

Fento macho



TEAJOX. DRYOPTERIS FILIX MAS H. SCHOTT.

Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Pteridophyta
Clase: Pteridopsida
Orde: Polypodiales
Familia: Dryopteridaceae
Xénero: Dryopteris
Especie: D. filix-mas

Nome binomial

Dryopteris filix-mas
(L.) Schott 1834



Sinonimia

- *Aspidium filix-mas* (L.) Sw.
- *Lastrea filix-mas* (L.) C.Presl
- *Lastrea officinalis* Bubani
- *Nephrodium filix-mas* var. *crenatum* (Milde) Rouy & Foucaud
- *Nephrodium filix-mas* var. *deorsolobatum* T.Moore
- *Nephrodium filix-mas* var. *genuinum*
- *Nephrodium filix-mas* (L.) Strempel
- *Polypodium filix-mas* L.
- *Polystichum cristatum* auct.
- *Polystichum filix-mas* var. *abbreviatum* auct.
- *Polystichum filix-mas* var. *crenatum* (Milde) Trevis.
- *Polystichum filix-mas* var. *deorsolobatum* (T. Moore) Rey-Pailh.
- *Polystichum filix-mas* (L.) Roth
- *Tectaria filix-mas* (L.) Cav.



Os fentos, feitos, feitos ou felgos son plantas vasculares agrupadas na división Pteridophyta.

O grupo fórmano unhas 12.000 especies de plantas que, coma os musgos, teñen xilema e floema (sendo logo consideradas plantas vasculares). Teñen talos, follas e raíces como as outras plantas vasculares.

A diferenza é que non teñen flores nin producen semente, ao se reproduciren por esporas. Están formados por un rizoma carnoso e follas grandes ás veces moi divididas: as frondes.

O grupo de fentos máis amplo con diferenza é Polypodiopsida, pero os fentos como aquí se definen (chamados tamén monilofitos) inclúen as xestelas (xénero *Equisetum*), o xénero *Psilotum*, a familia das maratiáceas, e a das ofioglosáceas. O termo pteridophyte tamén se refire a outras plantas vasculares que non son en si "fentos" (ver clasificación na sección de abaixo).

Os fentos aparecen en rexistros fósiles de hai 360 millóns de anos, no Carbonífero, porén moitas das familias e especies que hoxe en día existen non apareceron até hai aproximadamente 145 millóns de anos, ao comezo do Cretáceo (despois de que as plantas con flores comezaran a dominar o ambiente).

Os fentos non teñen moita importancia económica, aínda que algúns son comestíbeis, poden ser usados como ornamentais, para restauración de solos contaminados ou incluso para limpar o ar pola súa capacidade de retirar contaminantes químicos do ar. Algúns considéranse herbas daniñas. Xogan tamén un papel importante na mitoloxía, na medicina e na arte.

O máis estendido dos fentos é o fento común (*Pteridium aquilinum*), moi abundoso en Galicia, por exemplo nas carballeiras onde forman estensas superficies. Emprégase como estrume. Segundo a área xeográfica recibe diferentes nomes: feito, feito, felgo, felga, fenta, feita, folgueiro, folgueira, fulgueiro, fulgueira, folgueirón, cento, fiento, ciento, faínto, feínto, fuento, fenta, afeto, foletto, foletto, fuleto, fuleiro e felecho.



(C) F. Reiner Ehrig



